



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALERÍA DE GALICIA

O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón no seu artigo 1 que a devandita Axencia créase, como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) forma parte da estrutura da Axencia Turismo de Galicia, constituíndo unha área da Dirección de Profesionalización da Axencia, coas seguintes funcións:

- a) Desenvolver a docencia e a investigación conforme as exixencias metodolóxicas e substantivas propias de toda institución do ámbito universitario.
- b) Canalizar, a través dos instrumentos necesarios, a cooperación entre o CSHG, o sector empresarial e entidades ou institucións relacionadas coa industria turística.
- c) Todas aquelas funcións relacionadas co seu ámbito de actuación que lle asigne a Dirección da Axencia.

O CSHG mantén a súa imaxe corporativa ao longo dos seus vinte anos de historia, polo que se considera necesario actualizar a imaxe corporativa cun novo logotipo para o mesmo, de xeito que se ofrezca unha imaxe de modernidade e renovación para un centro formativo de vangarda e referencia no eido internacional. Ao mesmo tempo, no novo logotipo fortalécese a presenza da palabra Galicia, como marca de identidade e prestixio.



Polo exposto, unha vez informado favorablemente pola Secretaría Xeral de Medios, e en virtude das competencias que teño conferidas polo artigo 19 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro,

RESOLVO

Aprobar o Manual de identidade corporativa do Centro Superior de Hostalería de Galicia, que se xunta a esta resolución como Anexo, e que estará dispoñible no enderezo de internet: <http://www.turismo.gal>, así como na páxina web do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2016

A directora de Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez